

No ano 1955 publicou Galaxia un libro de enorme importancia dentro da Cultura galega. Era a Longa Noite de Pedra que dixo Celso Emilio Ferreiro, cando no noso sistema cultural un libro novo era un acontecemento. Pero aquel non foi un acontecemento coma os outros, senón algo que tería unha importancia fundamental na imaxe pública da nosa literatura, unha imaxe pública, naturalmente, daquela restrinxida á pequena minoría que alimentaba o lume sagrado da lingua e da cultura nacional de noso. Trátase do tomo IV da obra *Escolma* de Poesía Galega, que levaba o título específico de Os Contemporáneos, que empezaba con Noriega Varela e con Ramón Cabanillas e remataba con Manuel María e Uxío Novoneyra. De todos aqueles que alí estaban, hoxe só queda un vivo: Luz Pozo Garza.

Moitos son os méritos desa antoloxía, desa especie de biblia, e moito se ten falado deles, algunha vez eu mesmo. Pero hoxe é o momento de lembrar só un: a partir da súa publicación Xosé María Díaz Castro, a quen este ano lle dedicamos o Día das Letras Galegas, foi considerado un gran poeta por todas aquelas persoas que naqueles negros anos sabían da poesía galega e lían toda cousa que en lingua galega se publicaba, que eran oito ou dez libros cada ano...

Díaz Castro non tiña daquela ningún libro publicado. Antes da Guerra Civil publicara algunhas cousas, prosas e versos, en diversos periódicos e revistas locais. Despois da guerra, publicara algúns poemas na revista Alba publicada en Vigo polo bon berciano Ramón González-Alegre; era unha revista que circulaba sobre todo entre os poetas, e estes saían desde logo que había un tal Díaz Castro, a quen moi poucos coñecían persoalmente, que era realmente un poeta moi bon.

A maioría dos poetas que figuraban naquela escolma asinaban unha autopoética que Del Riego lle pedira a cada un. Díaz Castro non. Díaz Castro era así, un retraído. Por iso, coma se estivera morto, coma se fora Roberto Blanco Torres ou Federico García Lorca, asasinados polos fascistas en 1936, de Díaz Castro falaba outro. E falaba, moi intelixente, Ramón González-Alegre, o seu primeiro editor da posguerra. E dicía «É notable a poesía de Díaz Castro pola fonda sensación de achado definitivo coa terra de Galicia. Arrebata a ampla densidade da súa lírica, que se comprace en agromar o pulo da súa patria, da súa paisaxe carregada de suxestións, do seu ton plástico e vigoroso. Quizabes sexa o poeta galego actual con máis exacto dominio da forma, posta ó servizo dunha alta calidade».

González-Alegre e os subscritores da revista Alba sabían xa bastante ben quen era Díaz Castro, pero a escolma de don Paco del Riego chegaba a máis xente, a outra xente. Os exemplares circulaban de man en man, prestados entre amigos como cousa marabillosa, e algunhas bibliotecas públicas tamén a tiñan, e era un dos libros máis demandados pola xente, e moito en especial pola xente que daquela era nova e atoutiñaba case ás cegas cara ó galeguismo. Con entusiasmo e marabilla.

E a escolma de don Paco tiña sete poemas de Díaz Castro. Eran:

-Vísperas

-Terra rebada, que despois se titularía Terra achaiada

-Con este alento, que despois se titularía Coma brasas

-Monumento á ausencia

-Intre de beizos, que despois se titularía Veleiquí os homes

- A cerna

-Penélope

Penélope, unha das máis fermosas e conmovedoras poesías que se escribiron xamais en lingua galega. Ninguén podía ler aquilo con indiferenza. Aínda moitos anos despois, polo 1968, cando eu era unha peseta de fío de 16 anos, cando lin con vez primeira, cunha fame que hoxe xa ben raramente sinto, a escolma de don Paco, un dos poetas pra min perfectamente descoñecidos que me abalou foi Díaz Castro, e o poema Penélope acompañame desde aquela coma unha devoción lírica, coma un texto litúrxico, coma unha oración que me parece sempre nova e vella, como se saíse non de Díaz Castro, non do outro, senón de min mesmo, das raíces do meu ser, do fondo pouso dos meus antepasados todos.

E varios anos despois chegou Nimbos, o libro, o único libro da súa vida, con trinta e dous poemas concentrados, severos, cunha métrica sobria e temperada: a emoción da métrica, a solemnidade hendecasílabo, a palabra puída da fala popular que se transforma, como Pondal dicía, en lingua de ouro.

Díaz Castro mostrou –como outros o fixeran antes del e outros o farán aínda– que un poeta pode ser un gran poeta só cun libro; que un poeta pode ser un gran poeta só cunha ducia ou con media de poemas; que un poeta pode ser un gran poeta mesmo cun só poema, inda que sexa breve, con tal de que sexa un gran poema, con tal de que abale as nosas frebas máis internas. Se Díaz Castro só escribise Penélope, talvez non se lle dedicaría o Día das Letras Galegas, pero seguiría sendo un poema perfecto, a palabra que abala. Pero ademais escribiu outros poemas, e estamos celebrándoo. E por iso vai calar o Darío pra dicir coa súa voz xa vella unhes poucos poemas de Díaz Castro, que foi meu amigo nos seus derradeiros anos, que foi e é poeta meu desde hai xa máis cerca dos cincuenta ca dos corenta, que é un gran poeta pra Galicia desde hai xa sesenta, desde aquela Escolma da Poesía Galega de don Paco del Riego.